

AS DO PEIXE

Un espectáculo que honra a memoria das traballadoras da conserva



Escrito por
Cándido Pazó

Dirixido por
Cristina Domínguez da Pena

Coas actrices
Casilda Alfaro
Mónica Camaño
Susana Dans
Rocío González

AS DO PEIXE

Un espectáculo que honra a memoria das traballadoras da conserva

AS DO PEIXE

son as traballadoras da conserva. A man de obra barata dunha industria que, ao longo do tempo e da xeografía, acabou por facer parte da paisaxe emocional do noso país.


AS DO PEIXE

son catro actrices que, encarnando catro mulleres concretas, representan miles de anónimas traballadoras: as súas humildes historias, as súas vidas comúns, as súas íntimas arelas, os seus modestos soños, as súas pequenas frustracións.

A súa memoria colectiva.

AS DO PEIXE

é un espectáculo sentido, bulideiro, divertido, intenso, directo, reflexivo, fresco, reivindicativo... porque así eran aquelas mulleres.



AS DO PEIXE

Un espectáculo que honra a memoria das traballadoras da conserva

Catro mulleres, ex-traballadoras dunha desaparecida fábrica de conservas, acoden a un “taller da memoria” e, ao tempo que reconstrúen parte da súa experiencia laboral, rememoran pasaxes da súa vida persoal e familiar, comentan aspectos da actualidade e expresan as súas ilusións ou desconfianzas no futuro.



Escrito por Cándido Pazó (tomando como punto de partida entrevistas a ex-traballadoras realizadas polas actrices, baixo a dirección de Cristina Domínguez da Pena), o texto é unha sucesión de cadros onde se mistura realismo e ficción teatral, emoción e artificio, coa combinación de drama e humor que caracteriza os seus textos máis coñecidos (*A piragua, Binomio de Newton, García, E ti que vés sendo?*) para establecer unha comunicación amena e emotiva co público.

AS DO PEIXE

Un espectáculo que honra a memoria das traballadoras da conserva

CASILDA ALFARO

Nacida en Ribadavia e residente en Cangas. Traballou en diversas compañías, especialmente en Teatro de Nigures, participando en numerosas montaxes dirixidas por Etelvino Vázquez, Júlio Cardoso, Celso Parada, Xan Cejudo, Xulio Lago, José Martins ou Damián Contreras.



SUSANA DANS

Nacida na Coruña. Traballou en máis de cincuenta espectáculos con diversas compañías e especialmente co Centro Dramático Galego, con directores como Quico Cadaval, Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño, Celso Parada, Cándido Pazó, Rubén Ruibal, Xan Cejudo, Xulio Lago, Guillermo Heras, Manuel Guede, Eduardo Alonso, Ánxeles Cuña, ou Pere Planella. Premio María Casares 2008 á Mellor Actriz Protagonista por *A piragua*, Premio María Casares 2000 á Mellor Actriz Protagonista por *O cerco de Leningrado*, Premio María Casares 2005 á Mellor Actriz Secundaria por *O Ano do Cometa*, Premio María Casares 2002 á Mellor Actriz Secundaria por *Rosalía*,. Premio Maruxa Villanueva 2002 pola súa traxectoria.



MÓNICA CAMAÑO

Nacida en Cangas. Traballou con directores como Manuel Lourenzo, Júlio Cardoso, Roberto Vidal Bolaño, Xoán Cejudo, Pablo Rodríguez, Etelvino Vázquez, Álvaro Lavín, Celso Parada, ou Zé Paredes. Premio María Casares 2008 como Mellor Actriz Secundaria en *Emigrados*, de Teatro de Nigures



ROCÍO GONZÁLEZ

Nacida en Vilanova de Arousa. Traballou como actriz en diversas compañías, especialmente Factoría Teatro, coa que participou en seis espectáculos, pero tamén en *A Contrabutaca*, *Lagarta Lagarta*, *Nut*, Teatro de Nigures e *Eme2*, así como en tres espectáculos do Centro Dramático Galego.



AS DO PEIXE

Un espectáculo que honra a memoria das traballadoras da conserva

Cándido Pazó

No campo da escritura teatral, é autor, adaptador ou traductor de numerosos textos, entre os que destacan: *O melro branco*, Premio Xeración Nós de Teatro Infantil 1989. *Rei Lear* Premio Compostela 91 á Mellor Adapatación. *Commedia, un xoguete para goldoni*. Premio Compostela 93 ó Mellor Espectáculo, Premi de la Crítica del País Valenciá al Millor Espectacle 1.995, Premio al Mellor Espectáculo de la Temporada 95-96 de la Asociación Independiente de Teatro de Alicante. *Nano* (adaptación a partir de textos de Suso de Toro) Premio María Casares 1.998 á Mellor Adaptación. *O bululú do linier*, Premio María Casares 2.000 ao Mellor Texto Orixinal. *Nikiñaque*, Premio Max ao Mellor Texto Orixinal en Galego 2002. *Bicos con lingua* (con outros autores) Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal 2004. *García*, Premio María Casares 2006 ao Mellor Texto Orixinal). *Emigrados*, (con outros autores), Premio Max 2008 ao Mellor Texto Orixinal en Galego. *A piragua*, Premio María Casares 2.008 ao Mellor Texto Orixinal.

No ano 2000 foi seleccionado para escribir un texto na Marathon Europea de Creación Teatral, dentro da Capitalidade Cultural Europea de Bruxelas.

Cristina Domínguez da Pena

Titulada pola Real Escuela de Arte Dramático y Danza de Madrid.

Directora do Centro Dramático Galego do 2005 a 2009.

Entre os numerosos espectáculos que dirixiu, especialmente coa compañía Factoría Teatro, da que foi fundadora, destacan: *Coitelos nas galiñas*, Premio María Casares 2002 á Mellor Dirección, *O tío Vania*, Premio María Casares 2005 á Mellor Dirección e *A viaxe de Lola*, Premio "Pasarena" de teatro ao Mellor Espectáculo en Logroño.

Actualmente é profesora de técnica vocal e expresión oral na ESAD de Galicia.

AS DO PEIXE

Un espectáculo que honra a memoria das traballadoras da conserva

Texto

Cándido Pazó

Actrices

Casilda Alfaro
Mónica Camaño
Susana Dans
Rocío González

Escenografía e vestuario

Carlos Alonso

Iluminación

Afonso Castro

Espazo sonoro

Samuel Alonso

Colaborador na produción

Avelino Cores "Fáber"

Produción e distribución

Belén Pichel

Dirección

Cristina Domínguez da Pena

Contratación

Belén Pichel

605263755

981511796

belenpichel@gmail.com

Unha produción de

Coa colaboración do
Concello de
A Illa de Arousa

abrapalabra
creacións escénicas

